

FORMULARIO DE INSCRIPCIÓN 17
ESCOLA DE HORTA URBANA MUNICIPAL E ECOLÓXICA
CURSO DE INICIACIÓN

Nº _____ (en reserva si non)

NOME E APELIDOS DA PERSOA TITULAR:

DNI:	DATA DE NACEMENTO:	IDADE	
ENDEREZO COMPLETO:		CP	TELÉFONO:

Acompañantes (menores) SI (cubrir os seus datos no apartado de autorización) NON

Estás empadroadado/a neste Concello? Si non ; finanza 10€

Se padeces ou padecedes algunha enfermidade, alerxia ou intolerancia, que consideres debemos ter en conta, especifica

cal _____

Presenta Informe médico si non

DECLARACIÓN:

Eu _____ con nº DNI _____

DECLARO que fun informado das condicións da actividade e que libremente participo **na Escola Municipal de Horta Urbana e na formación** organizada polo Concello coñecendo as condicións previas do programa.

- Que ME ACOMPAÑAN E PARTICIPARÁN** comigo estando ao meu cargo as seguintes persoas, sendo eu responsable das súas accións e do cumprimento das normas da actividade:
- Que AUTORIZO ÓS/ÁS SEGUINTE MENORES DE 18 ANOS** a participar nesta actividade:
- Que eu e todas as persoas que me acompañan** reunimos os requisitos de acceso

1. Nome e apelidos _____ Idade _____ Parentesco _____
2. Nome e apelidos _____ Idade _____ Parentesco _____
3. Nome e apelidos _____ Idade _____ Parentesco _____
4. Nome e apelidos _____ Idade _____ Parentesco _____

E, Si non autorizo ao Concello de Soutomaior a usar as fotos e imaxes realizadas durante esta actividade para os actos de carácter exclusivamente institucional.

Asdo.: _____
(nome e apelido, con sinatura)

Soutomaior, _____ de _____ de 2017

COPIA PARA O/A INTERESADO/A

FORMULARIO DE INSCRIPCIÓN 17
ESCOLA DE HORTA URBANA MUNICIPAL E ECOLÓXICA
CURSO DE INICIACIÓN

DATA _____

Nº _____ (en reserva si non)

INFORMACIÓN XERAL

**Ver anexo coa información completa

As prazas cubriranse por orde de inscrición. A actividade realizarase si hai un mínimo de persoas inscritas (15). Número de prazas 20. Teñen preferencia as persoas empadroadas no Concello.

Selo

INFORMACIÓN XERAL SOBRE A ESCOLA DE HORTA URBANA MUNICIPAL ECOLÓXICA

ANEXO: CURSO DE INICIACIÓN Á AGRICULTURA ECOLÓXICA

Presentación:

O proxecto é unha proposta para persoas que buscan unha formación en relación coas necesidades e os recursos do sitio onde se decide vivir, de forma que se dependa o menos posible de recursos externos. Nos nosos territorios temos a posibilidade do aproveitamento de recursos naturais presentes a partir de "recursos custo cero" como poden ser o acceso a terras sen cultivar e fomentar actividades de desenvolvemento no sector da agricultura ecolóxica e transformación en produtos elaborados, reciclaxe de residuos, ecoagroturismo e outros, dándolle un valor engadido, que son o coidado do territorio e a conservación da identidade e cultura, de maneira sostible tanto económica, coma socialmente.

A quen vai dirixido

Persoas que queiran aprender e experimentar a opción de cultivar e obter hortalizas ecolóxicas sen impacto no medio así como consumir produtos máis sans

Para poder acceder á solicitude do uso da horta/parcela débense cumprir os seguintes requisitos:

- Ser veciño/a de Soutomaior, figurando inscrito/a no Padrón Municipal de habitantes.
- Estar fisicamente capacitado/a para realizar o traballo agrícola.
- Ser maior de idade ou vir acompañado dunha persoa que teña titularidade da horta/parcela previa autorización.
- Realizar e rematar con éxito o curso de iniciación á horta municipal ecolóxica convocado polo Concello de Soutomaior.
- Estar ao corrente no pago das súas obrigacións tributarias co Concello de Soutomaior.

Nota: Unha vez finalizado o curso cederase temporalmente ás persoas que realizaron o curso o uso das parcelas que estiveron cultivando para que poidan seguir co traballo iniciado ata o mes de agosto baixo a supervisión do Concello ata que se recolla a colleita. Durante este proceso a profesora do curso realizará titorías para asesorar e resolver dúbidas que vaian xurdindo e o Concello velará polo bo funcionamento do proxecto aplicando a ordenanza municipal para que se respeten as normas e fins do proxecto de horta/escola.

Obxectivos do curso

Potenciar o cultivo e consumo de produtos de proximidade, ecolóxicos, de temporada mediante técnicas respectuosas co medio ambiente. Fomentar hábitos alimenticios saudables. Dar a coñecer a cultura rural tradicional da zona. Fomentar o respecto pola terra e pola vida. Concienciación sobre a nosa aptitude cara ao medio ambiente. Implicación, responsabilidade e compromiso na xestión da horta. *Fomentar* o traballo en grupo, a planificación das actividades e labores da horta.

Contidos

Deseño e preparación de bancais para cultivo partindo dun terreo baldío. Laboreo. Acolchado. Definición de horta de tempada. Asociacións e rotacións de cultivos. Introducción de aromáticas. Recoñecemento de pragas.

Tratamento de pragas. Insecticidas e fungicidas ecolóxicos. Elaboración de compost equilibrados. Realización dun compostoiro. Elaboración de outros abonos e lombricompost.

Metodoloxía

A metodoloxía que se empregará será eminentemente práctica e participativa. Mediante a creación dun ambiente de cooperación, acción que leven ao alumnado ao recoñecemento da infinidade de posibilidades que ofrece a agricultura ecolóxica. A proposta formativa baséase no modelo da investigación-acción participativa, o cal é moi diferente aos modelos formativos convencionais. Con esta metodoloxía, teoría e práctica van unidas, volvendo en forma de espiral dende a práctica á teoría para reformular os contidos e avaliar cada parte do proceso de aprendizaxe, que se converte nunha aprendizaxe viva cun claro sentido práctico para a súa aplicación a nivel particular ou comunal: neste caso no cultivo dunha parcela dentro da horta municipal.

Duración: 20 horas

Datas e horarios das sesións presenciais do curso: 11,18 DE FEBREIRO e 11,18,25 de MARZO de 10:00 a 14:00 h.

CUSTE: o curso ten un custe cero aínda que no momento da inscrición haberá que pagar unha fianza de 10€/persoa que se devolverá cando se remate o curso con éxito e exista un compromiso real de continuar coa parcela/horta.